



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE 1387/2021.-

PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS. DATA E HORARIO DAS PROBAS.-

Por decreto desta Alcaldía nº 2023-0548, de data 22/08/2023, aprobouse a lista provisional e definitiva (ó non haber exclusións) de admitidos no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego dun OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS, así como o nomeamento do tribunal cualificador para este proceso.

De conformidade coas bases aprobadas por Decreto 2023-0548, do 22/08/2023, cuxo anuncio foi publicado, xunto coa convocatoria, no BOP nº 139, do 19/07/2023, o acordo coa lista provisional e o tribunal foron expostas ó público no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web www.pazosdeborben.org e na sede electrónica, sen que durante o prazo regulamentario se presentara reclamación ningunha.

Transcorrido o prazo regulamentario sen que se presentara reclamación ningunha, e de acordo coa bases aprobadas, esta Alcaldía no uso das atribucións do seu cargo,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- O tribunal cualificador nomeado constituirase o día 2 de novembro de 2023, as 9:00 horas, na Secretaría da casa do concello.

SEGUNDO.- Lugar, data e hora do comenzo das probas:

A primeira proba, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do temario durante un período de 60 minutos, realizarase na casa do concello de Pazos de Borbén o día 2 de novembro de 2023, e o comezo do proceso será as 9:30 horas.

A segunda proba realizarase a continuación, en base ó principio de celeridade, será de carácter obrigatorio e eliminatorio. Práctico. Consistirá na realización dun ou varias probas prácticas relacionadas coas funcións a desenvolver e que poderán referirse, á libre elección do tribunal, aos cometidos propios do oficio e sempre relacionadas coa materia obxecto do temario no prazo que estableza o tribunal en función da natureza da proba. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos e para aprobar será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos.

Os aspirantes deberán presentarse co DNI ou outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web www.pazosdeborben.org e na sede electrónica, para público coñecemento.





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

En Pazos de Borbén, mándao e asínao o Sr. Alcalde.

O DECRETOU O SR. ALCALDE – PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA
SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU, SECRETARIA – INTERVENTORA
DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL AO MARXE.

